

PROGRAMACIÓN DE CICLO EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP PLURILINGÜE SAN MARCOS
ABEGONDO



CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO CICLO	3
2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ACTIVIDADES DAS DIFERENTES ÁREAS	4
3. COMPETENCIAS BÁSICAS	26
4. METODOLOXÍA: PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA.....	27
• Principios metodolóxicos	27
• O espazo	28
• O tempo	29
• Agrupamentos	30
• Método por proxectos	30
• Actividades	32
• Educación en Valores	32
5. RECURSOS DIDÁCTICOS	33
6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	34
7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	36
• Mínimos de Educación Infantil.....	39
8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	43
9. PLAN DE CONVIVENCIA	45
10.TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.....	48
11.PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN	49
12.PLURINFANTIL DENDE O ÁMBITO DA PSICOMOTRICIDADE	50
13.MEDIDAS DE ADAPTACIÓN Á COVID-19 NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL	53
• Metodoloxía na modalidade de ensino non presencial	53

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Principios da etapa de educación infantil

1. A educación infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende a nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos.
2. Esta etapa ordénase en dous ciclos. O ciclo constitúe unha unidade curricular temporal de programación e avaliación. O primeiro ciclo comprende desde o nacemento ata os tres anos e o segundo, desde os tres aos seis anos de idade.
3. Todo o profesorado do mesmo ciclo desenvolverá o seu traballo en equipo, co fin de garantir a necesaria unidade da acción educativa.
4. A educación infantil ten carácter voluntario. O segundo ciclo desta etapa educativa será gratuíto. As administracións competentes procurarán que haxa unha oferta suficiente de prazas no 1º ciclo e garantirán a mesma no 2º.
5. A finalidade desta etapa educativa, tal e como vén establecido no *Decreto 330/ 2009 , do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, é contribuír ao desenvolvemento físico, social, afectivo e intelectual das nenas e nenos.

Contextualización do ciclo de educación infantil no curso 2021/2022

Este ano o número de alumnado de Educación Infantil é de 87, distribuídos nas aulas en tres niveis e co seguinte número de nenos e nenas por aula:

- Aula de 4º de Educación Infantil: 16 alumnos/as (este curso suprimíuse unha clase, ao non haber suficientes matrículas).
- Aula de 5º A de Educación Infantil: 17 alumnos/as.
- Aula de 5º B de Educación Infantil: 17 alumnos /as.
- Aula de 6º A de Educación Infantil: 19 alumnos/as.
- Aula de 6ºB de Educación Infantil: 18 alumnos/as.

Para os nenos e nenas de 4º de Educación Infantil planificouse un Período de Adaptación que abarcou dende o venres 10 ata o xoves 16 de setembro, dentro do

establecido na orde do calendario escolar, a *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Os mestres que imparten neste ciclo son un total de cinco titores/as e unha mestra de apoio. Durante este curso debemos ter en conta que un dos docentes citados con anterioridade conta con perfil de inglés, concretamente a titora de 5ºA, polo que o proxecto de plurilingüismo será realizado por ela dende o ámbito da psicomotricidade. É dicir, unha sesión semanal na que se impartirá a psicomotricidade na etapa de Educación Infantil en lingua estranxeira (inglés). Ademais contamos cos especialistas de música, inglés e relixión.

2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ACTIVIDADES DAS DIFERENTES ÁREAS

Obxectivos xerais

- Tomar conciencia do propio corpo identificándoo global e segmentariamente.
- Recoñecer os sentidos como fontes de sensacións, empregándoos para o coñecemento do seu mundo circundante.
- Adquirir destrezas e habilidades manipulativas aplicándoas ao manexo de útiles e materiais presentes no seu contorno.
- Adquirir o control postural e dinámico do seu corpo, mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e no descubrimento.
- Tomar conciencia das características persoais, identificando as calidades que o definen como individuo singular.
- Afianzar a propia personalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidades comúns do grupo.
- Adquirir autoestima esforzándose no desenvolvemento das actividades cotiás.
- Iniciar o control do propio comportamento relacionando a identificación das emocións e intereses, coa interiorización das normas e valores sociais.
- Iniciar o control da frustración demorando a satisfacción dos desexos.
- Satisfacer as súas necesidades básicas adquirindo hábitos de coidado persoal.

Obxectivos, contidos e criterios de avaliación específicos por áreas

➤ Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Obxectivos:

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaz de expresalos e comunicalos, así como de identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas e resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda, colaboración, e evitando ademais, a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Desenvolver actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración aos demais, evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Fomentar hábitos saudables.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, a manifestación de emocións, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

Contidos:

***Bloque 1. O corpo e a propia imaxe:**

- Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.
- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo.
- Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos.
- Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas (que proveñen dos propios músculos e articulacións) e as percepcións exteroceptivas (relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...).
- Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo (a través de xestos, movementos, xogos, danzas...).
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo.
- Identificación das diferentes etapas da vida valorándoas positivamente.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas.

- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.

*Bloque 2. Xogo e movemento:

- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.
- Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas.
- Aceptación do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais.
- Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.
- Satisfacción polo crecente dominio persoal.
- Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio, fortalecendo vínculos afectivos (amizade, cooperación, axuda, solidariedade...).
- Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade e abríndose ao coñecemento e gozo dos das outras.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.
- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración.
- Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.

*Bloque 3. A actividade cotiá:

- Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.

- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos.
- Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.

*Bloque 4. O coidado persoal e a saúde:

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo (hixiene, alimentación, descanso...).
- Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.
- Valoración da axuda doutras persoas.
- Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde. Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan.
- Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas (vestimenta, peiteados, adobíos, coloridos...).

- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.

Cráterios de avaliación:

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para recoñecer e nomear as diferentes partes do corpo, situándoas espacialmente na súa persoa e nas demais. Así mesmo, avaliarase a complexidade na representación do esquema corporal.

- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.

Por medio deste criterio preténdese observar o desenvolvemento do ton, da postura e do equilibrio, do control respiratorio e da coordinación motriz nos diferentes desprazamentos e actividades, así como a utilización das posibilidades motrices sensitivas e expresivas do propio corpo. As nenas e os nenos deberán manifestar un control progresivo deles en distintas situacións e actividades, como xogos, rutinas ou tarefas da vida cotiá.

- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.

Con este criterio avaliarase se o alumnado identifica os sentidos, se recoñece a súa funcionalidade e se pode explicar con exemplos sinxelos as principais sensacións asociadas a cada sentido. Así mesmo, valorarase se aprecia a súa importancia como medio de percepción e comprensión do mundo que o rodea.

- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.

Avalíase a través deste criterio a formación dunha imaxe persoal axustada e positiva, a capacidade para utilizar os recursos propios, o coñecemento das súas posibilidades e limitacións, a confianza para emprender novas accións e a superación das dificultades.

- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.

Este criterio trata de avaliar se as nenas e os nenos son quen de manifestar respecto e aceptación polas características das demais persoas, sen discriminacións de ningún tipo e amosando actitudes de axuda e colaboración.

- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.

Avaliase con este criterio se o alumnado se mostra sensible aos sentimentos e estados anímicos, propios e das demais persoas, e se é quen de solicitar ou de prestar axuda; se manifesta e percibe os estados de alegría, preocupación, enfado, tristeza... xestionando os propios e tendo en conta os dos demais; así como se mostra interese polos motivos que os causan, dando mostras de comprensión e tratando de consolar.

- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.

Trátase de avaliar con este criterio a capacidade do alumnado para participar activamente en distintos tipos de xogo valorando positivamente tanto os propios da súa cultura como os doutras. Observarase o desenvolvemento dos elementos motrices que se manifestan en desprazamentos, marcha, carreira ou saltos; así como a coordinación e control das habilidades manipulativas de carácter fino que cada actividade require (repartir, deixar pegadas, encaixar, pinzar, suxeitar...).

- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.

Trátase de avaliar con este criterio a participación activa en distintos tipos de xogo, sendo capaces de gozar do xogo colectivo, de controlar a propia vontade, de ter constancia e de superar a frustración. Valorarase tamén a utilización adecuada das normas que os rexen e as actitudes de colaboración e axuda que eviten adoptar posturas de submisión ou de dominio.

- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.

Preténdese avaliar con este criterio as destrezas adquiridas para realizar as actividades habituais da vida diaria. Estimarase o grao de autonomía e a iniciativa para levar a cabo as devanditas actividades, utilizando adecuadamente os espazos e materiais apropiados e facendo uso das normas establecidas para cada caso. Así

mesmo, observarase a constancia, organización, hábitos, atención, planificación, interacción, autorregulación, autovaloración, perseveranza...

- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

Avaliarase a través deste criterio o gusto por participar en actividades que favorecen un aspecto persoal coidado e mais un contorno limpo e esteticamente agradable, así como por colaborar na creación dun ambiente xerador de benestar, de xeito que asuman un enfoque proactivo cara á súa seguridade e benestar. Esta asunción demóstrase en rutinas de aula, saídas educativas, zonas de xogo...

- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

Avaliarase a través deste criterio se o alumnado emprega axeitadamente instrumentos e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

➤ **Coñecemento do contorno**

Obxectivos:

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, amosando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Coñecer a profesionais relacionados co tema.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.

- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega –expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía...
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando...
- Axudar aos nenos/as a pesar, investigar, contrastar ideas, chegar a acordos, aprender do erro e utilizar o aprendido.
- Utilizar elementos matemáticos para resolver operacións, problemas...

Contidos:

*Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida:

- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio, recoñecendo as súas funcións e usos cotiás e mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.
- Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.
- Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno.
- Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades.
- Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade, sempre en situacións contextualizadas e significativas.
- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.

- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación...
- Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.
- Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con variadas accións.
- Achegamento a algunhas magnitudes físicas (peso, lonxitude, capacidade, tempo), a través da estimación: comparando, sopesando, observando...
- Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir.
- Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais, facendo unha aproximación ao seu uso.
- Adquisición progresiva da noción do paso do tempo, mediante as actividades da vida cotiá.
- Orientación temporal en situacións cotiás, empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.
- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándoos axeitadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.
- Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.
- Composición e descomposición de cantidades.
- Resolución de problemas de aumento, comparación...
- Experimentación de nocións de medida, peso...

* Bloque 2. Achegamento á natureza:

- Identificación e afondamento no estudo dalgúns características e funcións vitais dos seres vivos, empregando a exploración sensorial.
- Diferenciación entre seres vivos e obxectos inertes.
- Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros.

- Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.
- Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
- Descubrimento das diferentes formas en que se encontra a auga na natureza, comprendendo a súa contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela.
- Identificación dos cambios que se producen en canto á luminosidade, á posición do sol, aos ciclos da lúa... ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano.
- Formulación de hipóteses, contrastándooas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural (calor, choiva, vento, día, noite, erosión, ciclo vital...) e dos producidos pola acción humana (pontes, encoros, aeroxeradores, muíños de auga...).
- Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza.
- Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.
- Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

* Bloque 3. Cultura e vida en sociedade:

- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.
- Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.

- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.
- Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.
- Achegamento ás funcións que cumbran diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos.
- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.
- Identificación de elementos do Centro de Saúde: dependencias, profesións, obxectos, normas, probas...
- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega, apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo, os sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

Criterios de avaliación:

- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.

Preténdese valorar con este criterio a capacidade e o interese para explorar os obxectos e materias presentes no seu contorno mediante actividades manipulativas, sendo quen de identificar propiedades físicas observables como forma, cor, tamaño, peso... Valorarase, así mesmo, a capacidade para establecer relacións entre as súas características ou atributos e o seu comportamento físico (caer, rodar, escorregar, botar...), despois de observar mediante unha experimentación sinxela estas accións. Este criterio permitirá avaliar tamén a competencia para organizar (agrupando, clasificando e ordenando) a información obtida das calidades e características dos obxectos.

- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.

Con este criterio comprobarase a competencia das nenas e dos nenos para aplicar a situacións variadas os coñecementos adquiridos sobre o uso dos números.

- Expresar cantidades, identificar datas, indicar medidas, identificar números de teléfono, das casas, das matrículas de coches...

Comprobarase, así mesmo, o modo en que nenas e nenos van desenvolvendo determinadas habilidades lóxico-matemáticas en situacións contextualizadas e significativas (preparación de receitas, rexistros, creación de coleccións, xogos de mesa...), establecendo relacións cualitativas e cuantitativas entre elementos e coleccións, estimando cantidades pequenas, expresándoas oralmente ou mediante escritura convencional ou non convencional, facendo uso da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas.

- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.

Observarase a capacidade das nenas/os para propoñer e resolver sinxelos problemas da súa vida cotiá, formulando hipóteses e buscando alternativas, solucións e novas posibilidades, anticipando consecuencias, individualmente e en grupo, tendo en conta as opinións e as achegas das demais persoas, o consenso e a negociación. Isto pode implicar a aplicación de operacións como engadir, quitar, repartir, medir, ordenar... e facer uso da medida, empregando unidades non convencionais.

- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.

Avaliarase se o alumnado identifica e recoñece no seu contorno inmediato aspectos xeométricos básicos como liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas ou cubos mediante a observación e a exploración lúdica.

- Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación aos obxectos e ás demais persoas, usando vocabulario topolóxico elemental.

Avaliarase a competencia para interpretar e empregar as nocións básicas espaciais elementais (arriba, abaixo; dentro, fóra; preto, lonxe...) en actividades de orientación e de representación espacial variadas.

- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.

Trátase de comprobar que o alumnado é quen de secuenciar e relatar empregando o vocabulario axeitado (antes-despois, mañá-tarde, día-noite, onte-hoxe- mañá, días da semana-meses, estacións do ano...) en momentos significativos que teñen que ver coa súa actividade.

- Dar mostras de interese polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.

Con este criterio valórase o interese, o coñecemento e o grao de sensibilización polos elementos da natureza, tanto vivos como inertes; a indagación dalgunhas características e funcións xerais, achegándose á noción de ciclo vital e constatando os cambios que este implica. En canto aos seres vivos, valorarase os hábitos de coidado destes e a sensibilidade e o respecto pola súa vida.

Estimarase, así mesmo, o interese que manifestan as nenas e os nenos polo coñecemento do medio, as observacións que fan, así como as conxecturas que sobre as súas causas e consecuencias formulan. Apreciarase tamén a capacidade do alumnado para valorar a necesidade da adopción de medidas de protección do medio por parte das persoas, participando en actividades para conservalo e reflexionando sobre os cambios na paisaxe producidos pola intervención humana.

- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.

Avaliarase a capacidade para recoñecer os cambios que se producen nas persoas ao longo da súa vida. Valorarase tamén se as nenas e os nenos son capaces de establecer algunhas relacións entre medio físico e social, identificando os cambios naturais que afectan á vida cotiá das persoas (cambios de estacións, temperatura...).

- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.

Con este criterio avaliarase o coñecemento dos grupos máis próximos (familia, escola, veciñanza...) superando estereotipos sociais. Observarase tamén a súa integración e vinculación afectiva aos grupos máis próximos e a acomodación da súa conduta aos principios, valores e normas que os rexen, recoñecendo e valorando a necesidade destas para convivir. Especial atención merecerá a capacidade que nenos e nenas mostren para a análise de situacións conflitivas e as competencias xeradas para un adecuado tratamento e resolución.

- Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.

Por medio deste criterio tratarase de avaliar o grao de sensibilización cara á valoración dos servizos sociais e comunitarios do seu contorno (mercado, atención sanitaria, medios de transporte...), superando os estereotipos sexistas referidos ás persoas usuarias destes servizos e profesionais que os desenvolven.

- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

Avaliarase o coñecemento das principais manifestacións culturais propias e a comprensión dalgúns signos ou elementos que identifican outras culturas. Ademais, valorarase o interese e o respecto pola diversidade cultural.

➤ **Linguaxes: comunicación e representación**

Obxectivos:

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, expresión de ideas e sentimentos, representación, aprendizaxe e gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais (o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto) como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos (expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...), con diferentes interlocutores/as e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como

ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.

- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, reescribir (tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita) e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca, valorándoa como fonte de información e pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC (ordenadores, internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo ...) como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.
- Utilizar elementos da linguaxe oral e formas escritas.
- Empregar diversas fontes de información para coñecer as súas características e uso social.

Contidos:

* Bloque 1. Linguaxe verbal:

Escoitar, falar e conversar:

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, adquirir coñecementos, expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.

- Expresión oral de información persoal.
- Uso de expresións e xestos en situación de comunicación.
- Emprego progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.
- Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.
- Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas, usando argumentos nas conversas, respectando quendas e escoitando atentamente.
- Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.
- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas (saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...).
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara esta lingua.

Aproximación á lingua escrita:

- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas (cantidade de letras, palabras longas e curtas) e propiedades cualitativas (variedade de grafías).
- Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

- Discriminación e representación de palabras significativas e estruturas sinxelas.
- Comprensión de mensaxes visuais, códigos e sinais.

Achegamento á literatura:

- escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por un lector competente, de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro... tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.
- Dramatización de textos literarios, gozo e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.
- Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos (encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...), acompañados de respostas corporais (xestos, movementos, ritmos...) para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios.
- Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

*Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal:

- Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno, integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.
- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo e volume).
- Gozo coas obras artísticas, distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión (cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos,

melodías, timbres...) que lles permitan ás nenas e nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.

- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes (papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproxector, encerado dixital, fotografías...) e das distintas técnicas (debuxo, pintura, colaxe, amasado, modelado, escultura...) como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxector...
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás, manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquexos para a consecución dunha melloría na produción.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais.
- Utilización dos sons para a interpretación e a creación musical.
- Vivencia do son e do silencio.
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que xera a música.
- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.
- Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.

- Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e o intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal (mimo, monicreques, teatro de sombras...), colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.
- Representación corporal e verbal de situacións relacionadas co tema (xogo simbólico).
- Representación a través do debuxo do corpo e as súas parte.

***Bloque 3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación:**

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, comunicación, expresión, estratexias de exploración e investigación.
- Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.
- Coñecemento e uso de diferentes fontes de información: internet, libros, láminas, entrevistas a profesionais...
- Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica... nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como series de animación, presentacións, vídeos... a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

criterios de avaliación:

- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.

Mediante este criterio avalíase o desenvolvemento da capacidade para expresarse e comunicarse oralmente, con claridade e corrección suficientes, respondendo a diferentes intencións comunicativas. Valorarase, así mesmo, se a nena ou neno toma en consideración os hábitos e as normas que rexen as situacións comunicativas (respectar quendas de intervención, escoitar atentamente, respectar a opinión das demais persoas...). Tamén se avalía o uso de fórmulas e tratamento axeitadas para saudar, despedirse, presentarse, escusarse, solicitar axuda, agradecer...

- Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

Este criterio refírese á capacidade para escoitar e comprender mensaxes, relatos, producións literarias, descricións, explicacións, informacións de diferentes emisores (iguais, persoas adultas, diversos medios de comunicación televisión, radio, webs...) que lles permitan participar na vida da aula e na vida cotiá.

- Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

Preténdese avaliar a súa participación en producións orais sinxelas relativas a situacións e temas do seu interese: xogos, cancións, rimas e dramatizacións previamente traballadas e contextualizadas.

- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula, desenvolvidas por competentes.

Con estes criterios avalíase se as nenas e nenos valoran e se interesan pola linguaxe escrita, iniciándose na utilización funcional da lectura e a escritura como medios de comunicación, información e gozo.

- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo (con escritura convencional ou non), con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...

Valorarase o achegamento á escritura para a produción de textos. Tamén o interese por explorar os mecanismos básicos do código escrito e o coñecemento das súas características (coñecementos que se consolidarán na educación primaria).

- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...

Este criterio avaliará o interese que demostra en participar nas actividades de escoita e lectura de textos literarios, apreciando a súa estética, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen e amosando interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.

- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.

Con este criterio valorarase se as nenas e os nenos entenden a necesidade das normas de funcionamento da biblioteca (manter silencio, colocar os libros no seu sitio, cumprir os prazos de préstamo) e se as respectan. Avaliarase se recoñecen este espazo como recurso de pescuda de información e lugar de entretemento.

- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

Con este criterio comprobarase se o alumnado se serve das diferentes representacións (plásticas, musicais, corporais e audiovisuais) para plasmar as súas vivencias, emocións e sentimentos, facendo uso dos diferentes materiais, instrumentos e técnicas propias destas linguaxes. Valorarase ademais o interese e curiosidade que o alumnado manifesta por incorporar ás súas producións libres diferentes materiais, técnicas e recursos tecnolóxicos.

- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.

Observarase o gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do corpo, da voz, dos elementos plásticos e dos sons. Valorarase tamén a

capacidade para expresar as distintas impresións que lle producen a cadaquén as obras artísticas.

- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

Este criterio permite valorar a súa competencia para acceder e empregar as tecnoloxías da información e comunicación. Deste xeito, observarase se é quen de prender e apagar o ordenador, manexar o rato, identificar e usar iconas para acceder aos programas con progresiva autonomía, escanear, imprimir unha creación, facer debuxos, facer fotografías...

3. COMPETENCIAS BÁSICAS

A *LOE* establece oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico, mentres que a *LOMCE* cita sete, que denomina competencias clave. Dado que na etapa de Educación Infantil estamos pendentes do desenvolvemento orgánico desta última, centrarémonos nas competencias básicas. Aínda que estas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie desde o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Polo tanto, estas competencias orientarán e impregnarán o currículo de infantil, téndose como referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea establecéronse oito competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística: trata de achegar ao neno e nena ás diferentes formas de expresión e comunicación que se inclúen dentro dos distintos contextos sociais.
- Competencia matemática: abarcará o razoamento matemático mediante actividades que se producen na vida cotiá e actividades que desenvolven a intelixencia práctica.

- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico: coñecemento da realidade inmediata a través do contacto co contorno máis próximo.
- Tratamento da información e competencia dixital: o mundo dixital está no medio máis próximo do noso alumnado, polo que será unha etapa de inclusión para o seu achegamento.
- Competencia social e cidadá: o tratamento da educación en valores é fundamental nesta etapa educativa e será esencial fomentar a socialización e a vida en sociedade.
- Competencia cultural e artística: achegar ao coñecemento, comprensión e valoración das manifestacións culturais e artísticas máis próximas.
- Competencia para aprender a aprender: debemos axudar ao noso alumnado a lograr por si mesmos as súas aprendizaxes e permitirlles resolver situacións do día a día.
- Autonomía e iniciativa persoal: adquirir, dentro das súas posibilidades, a autonomía suficiente para desenvolver aprendizaxes e actividades cotiás por si mesmos.

4. METODOLOXÍA: PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA

Principios metodolóxicos

Un elemento básico en toda programación é a metodoloxía, na cal se recollen aspectos que concretan a práctica educativa. En canto a este aspecto, a *LOE* no seu *artigo 14 punto 4* fai mención á necesidade de abordar os contidos mediante actividades globalizadas para que as aprendizaxes sexan significativas, de cara a consecución das competencias básicas. O *artigo 14 punto 6* especifica que os métodos de traballo basearanse nas experiencias, actividades e o xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e de confianza para potenciar a autoestima e a integración social.

Desta forma, a proposta metodolóxica debe considerar varios aspectos.

O principio de *globalización*: organizaremos os contidos tendendo cara a un enfoque globalizador, que debe entenderse como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais (situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo...) nas

cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que engloben contidos de diferente tipo e de distintas áreas, aínda que tamén é conveniente planificar outras actividades que alternen coas propostas globalizadas.

O principio de *aprendizaxe significativa* defínese como a aprendizaxe que chega a establecer vínculos substantivos entre os novos contidos que hai que aprender e os que xa se atopan na estrutura cognitiva do suxeito que aprende. Aprender significativamente quere dicir atribuír significado ao material obxecto de aprendizaxe. Dita atribución só se pode facer a partir do que xa se coñece, mediante a actualización dos esquemas de coñecemento.

Ademais destes dous principios hai que ter en conta tamén: a *actividade*, é dicir, aprender facendo que a actividade física nos leve á actividade mental; o *descubrimento*, baseándose na observación, exploración, experimentación e motivación, para que así o alumnado amose interese por seguir aprendendo; o *xogo*, pois é moi importante que toda actividade conteña un carácter lúdico, evitando sempre caer na dicotomía xogo-traballo; e tamén, como non, a *creatividade*.

En Educación Infantil, a acción educativa pode desenvolverse en calquera lugar e en calquera momento da vida diaria. Por esta razón, a organización do espazo, do tempo e dos agrupamentos son elementos básicos, instrumentos que posúe o educador, a través dos cales se concreta a súa formulación e desenvolvemento educativo.

O espazo

Na distribución do espazo preverase que as nenas e os nenos dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sos e para xogar e relacionarse cos demais, espazos para actividades que requiran unha certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. Procurarase en todo momento crear un ambiente físico de aprendizaxe, afectivamente significativo e esteticamente agradable. que lles permita sentirse cómodos e acollidos.

Na aula atópanse zonas como por exemplo a zona de asemblea, biblioteca, arte, xogo simbólico, natureza, construción... que cada mestre/a adapta, tendo en

conta a súa forma de traballo, o número de alumnado e/ou a temática que vai levar a cabo durante o ano.

Ademais do espazo das aulas, tamén contamos cun patio, unha aula de psicomotricidade na que ademais desta actividade, facemos dinámicas conxuntas de todo infantil (como representacións de contos, cancións...) e tamén o recanto de “Marquiños”, mascota da biblioteca do centro, no que contamos con libros da biblioteca e que utilizamos para actividades varias tanto a nivel de grupo, de niveis ou todo o ciclo.

Por mor da situación actual promovida pola pandemia, e seguindo o *Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 (versión 06-07-2021)*, temos en conta que cada unha das nosas aulas forma parte dun grupo burbulla (GCE), o que limita tanto o uso dos diferentes espazos cos que contamos no centro segundo o seu aforo, como a participación en propostas nas que se mesture alumnado de distintas clases ou etapas.

O tempo

A organización do tempo responde a unha intencionalidade pedagóxica e a unha maneira de entender o desenvolvemento do neno/a. Esta organización favorece a comprensión do paso do tempo, facilita a adquisición de rutinas e hábitos que son tan importantes sobre todo na socialización, proporcionan seguridade e equilibrio (xa que lles permite adiantarse ao futuro) e estimulan a autonomía. O tempo tamén é un elemento clave para lograr unha construción da personalidade.

Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que permitan ao profesorado axeitalo ás características das tarefas. No desenvolvemento da xornada escolar, combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e as necesidades das criaturas. Evitaranse as présas por cumprir o horario e as rixideces, tendo en conta os ritmos individuais de cada neno/a. Deixarase tempo para as saídas programadas, as entrevistas persoais coas familias, as actividades de reforzo e de ampliación e as datas relevantes.

Este curso, as saídas e as entrevistas persoais coas familias seguirán o establecido polo noso modelo do *Plan de Adaptación á situación Covid-19 para o curso 2021/22 (anexo IV)*, a partires do publicado pola Consellería. As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a nosa contorna. Ademais, estas propostas poderanse adaptar e achegar á nosa escola, sempre e cando cumpran o protocolo de hixiene e seguridade. Estas actividades, propostas e celebracións de conmemoracións citaranse e incorporaranse á memoria de ciclo.

Agrupamentos

Darán resposta á diversidade e estarán moi relacionados coas tarefas que se pretenden desenvolver. O gran grupo é axeitado para as asembleas, para visualizar unha película ou para a lectura dun conto. O grupo pequeno é ideal para tarefas de tipo cooperativo, como pode ser o traballo por recantos; resulta moi eficaz xa que mentres uns grupos traballan de forma autónoma, o mestre/a pode prestar a axuda necesaria aos outros grupos. Estes grupos deben ser variables, homoxéneos e heteroxéneos.

A actividade individual é un bo recurso para a interacción coa persoa docente, ao mesmo tempo que promove as estratexias de planificación da acción, a responsabilidade, a autonomía e a autoxestión.

Neste apartado, e segundo o noso *Plan de Adaptación á situación Covid-19*, xa citado con anterioridade, debemos mencionar que as aulas estarán organizadas por distintos recantos nos que irán rotando grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as, que constituirán como subdivisións do grupo estable de convivencia.

Método por proxectos

Neste curso académico 2021/2022 os proxectos constituirán o eixe vertebrador do traballo nas aulas. Traballarase un gran proxecto a nivel de centro (Proxecto Documental Integrado) que se centrará na Idade Media. Consideramos que esta temática é moi ampla, dinámica e motivadora para o noso alumnado,

podendo relacionala coa maior parte das áreas que conforman o currículo da nosa etapa, o *Decreto 330/2009 do 4 de xuño*.

O profesorado da etapa de Educación Infantil decide centrarse e abordar os seguintes aspectos:

- 1º trimestre: arquitectura, centrándonos nos castelos.
- 2º trimestre: gremios/oficios.
- 3º trimestre: cultura: mulleres, xogos tradicionais, cantigas (oralidade)...

Ademais, todo o alumnado, pero especialmente o de 4º de educación infantil, vai traballar tamén durante o primeiro trimestre a escola, dado que deben establecer novas rutinas, normas, formas de socialización ... Unha vez que sexan capaces de familiarizarse con todo o relacionado neste ámbito, poderase iniciar a temática do PDI, a Idade Media.

En cada unha das investigacións que realizaremos ao longo dos trimestres, abordaremos un amplo abanico de contidos: arquitectura da época, gremios/oficios, personaxes e/ou figuras, medios de transporte, bandeiras, escudos... O tratamento de todos e cada un destes aspectos axústanse aos contidos e obxectivos das tres áreas do noso currículo, o *Decreto 330/2009 do 4 de xuño*, que se abordarán de xeito globalizado, tendo en conta que este é un dos principios metodolóxicos clave da nosa etapa educativa.

Cómpre destacar que todos e cada un destes contidos se axustarán e respectarán as necesidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do noso alumnado de educación infantil.

O alumnado de educación infantil vai participar no Plan Proxecta *Voluntariado miúdo: móvete!*, por sexto ao consecutivo. Tamén vai colaborar nos de *Paisaxe e Sustentabilidade* e no *Proxecto Deportivo de Centro*; estes dous últimos son a nivel de centro. Ademais, estase a valorar a posibilidade de solicitar outros, que incorporaremos á memoria do ciclo.

Continuaremos colaborando coa asociación *ASPACE*, dentro do Servizo de Atención Temperá que desenvolve dita asociación co Concello de Abegondo, adaptándonos á situación promovida pola Covid-19.

Actividades

Nesta programación levaranse a cabo as seguintes actividades en cada secuencia de aprendizaxe:

- Actividades introductorias cun dobre obxectivo: recoller información sobre os coñecementos que as nenas e nenos teñen sobre o tema e motivalos de cara aos contidos e actividades do proxecto.
- Actividades de desenvolvemento, que operativizan o proceso instrutivo formativo, introducindo novos contidos que pretendemos que o alumnado adquira.
- Actividades finais, que aínda que se entenda que a avaliación é continúa, van permitir coñecer o grao no que foron interiorizados os contidos.
- Actividades de reforzo e de ampliación, dirixidas ás nenas e nenos que presentan algún problema na adquisición dunha aprendizaxe, ou ben aos alumnos/as que poidan alcanzar un maior grao na adquisición dun contido.

Educación en Valores

A Educación en Valores debe estar presente de forma globalizada nas distintas áreas, rutinas e na vida diaria da aula e do centro. A súa finalidade é dotar ao alumnado dos mecanismos cognitivos e afectivos necesarios para a súa integración na vida en sociedade. Tal e como vén recollido na *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, debe considerarse un proceso paralelo ao desenvolvemento dos nenos e nenas e social para formar futuros cidadáns.

Intentarase abordar de forma indirecta e directamente no traballo diario das aulas, dos proxectos, nas conmemoracións e nos Plans Proxectas do centro. Estes temas son, como por exemplo, os seguintes:

- Educación para a saúde: adquirir pautas para o coidado da súa saúde, en todos os aspectos da vida (alimentación, deporte...).
- Educación ambiental: establecer pautas para a conciencia e a mellora do medio ambiente, a través das actividades e iniciativas que se desenvolven, por exemplo, desde o equipo do programa *Paisaxe e Sustentabilidade*.

- Educación para a paz e para a resolución pacífica de conflitos: encamiñada a posibilitar a adquisición de actitudes básicas para a convivencia pacífica (respecto, solidariedade, altruísmo...).
- Educación para o consumidor: potenciar un consumo responsable e o coñecemento dos dereitos como consumidor.
- Educación viaria: crear hábitos de prevención e seguridade vial do contorno.
- Educación moral e cívica: interiorizar pautas, normas e valores para a convivencia no grupo social e participar de xeito libre e responsable.
- Educación das emocións: expresar e ser conscientes de forma correcta das súas emocións e as dos demais.
- Educación para a tolerancia e para a igualdade entre homes e mulleres: fomentaremos a igualdade e o respecto entre homes e mulleres.

5. RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos desempeñan diferentes papeis nas experiencias de aprendizaxe, por iso se fai necesario un estudo, reflexión e valoración do enorme compendio de recursos didácticos existentes. Isto fará posible seleccionar os máis adecuados, para así apoiar o tratamento dos contidos. Tal selección concederá ao mestre/a unha ampla marxe de liberdade, en tanto que se realizará en función dos contidos e obxectivos que se pretenden e das circunstancias nas que se van a tratar espazos, momentos, alumnos/as ...

Así pois, os recursos didácticos recoñeceranse como instrumentos ou soportes para a materialización dos contidos e para a posta en práctica das actividades de ensinanza, aprendizaxe e avaliación.

Entre eles destacamos os recursos ambientais, humanos e materiais. O coñecemento da súa existencia, posibilidades, limitacións e complementariedade constitúen o eixe da acción didáctica, o centro da labor de mediación da mestra/e.

En canto aos *recursos ambientais*, no propio centro e fóra do propio espazo da aula podemos destacar a biblioteca, tendo en conta que este curso dito espazo limita o seu aforo debido á pandemia. Polo tanto, moitos destes recursos achegaranse ás aulas para facer uso deles (escornabot, libros, xogos de mesa...). Hai que ter en conta tamén os recursos que a propia comunidade nos oferta, como museos,

parques, zonas industriais, recursos naturais como as plantas e os animais... Desta forma, intentaremos superar os muros da escola para achegarnos á vida real a través de visitas, saídas... Dada a situación que estamos a vivir, todos estes recursos e propostas trasladaranse ao centro educativo, sempre e cando o seu protocolo se axuste á normativa de seguridade e hixiene, seguindo o noso modelo anexo IV de adaptación á Covid-19 e ao publicado pola nosa Consellería.

Os *recursos humanos* fan referencia ao profesorado, alumnado ou calquera outra persoa que poida intervir no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Desde un enfoque construtivista, cabe destacar o labor do mestre como mediador, guía e facilitador de aprendizaxes. É preciso tamén sinalar o papel do suxeito que aprende, pois é o verdadeiro protagonista das súas aprendizaxes. Ademais, debemos ter moi presente a familia, pois escola e familia deben colaborar durante todo o proceso.

No tocante aos *recursos materiais*, inclúense aquí materiais para traballar a psicomotricidade grossa (pelotas, aros...), xogos de area, materiais sensoriais (variedade de cor, tacto...), materiais de expresión plástica (pintura de dedos, plastilina, papel de embalar, cartolinas, pinceis, punzóns, tesoiras de punta roma...), material de expresión musical (instrumentos de percusión...), material de expresión corporal (espellos grandes, disfraces, monicreques...), material de expresión matemática (bloques lóxicos, regretas...), material para o desenvolvemento da linguaxe (láminas de observación, contos, crebacabezas....), tecnoloxías da información e comunicación (ordenador, encerado dixital...), material de refugallo (son obtidos a partir da elaboración e transformación doutros materiais de uso cotiá) e materiais impresos (fichas, libros de consulta...). Ademais, e debido á crise sanitaria, en todas as aulas contamos cunha “zona de desinfección” onde se atopa o xel hidroalcohólico, panos desbotables, desinfectante para superficies...

6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é un termo moi amplo, polo que é necesario dar unha resposta educativa o máis axeitada posible. Os factores de diversidade que se poden dar nun centro e nunha aula completa son innumerables.

Entre os factores máis frecuentes de diversidade están os seguintes:

- Diversidade de intereses, xa que estes non son sempre iguais senón que cambian coa idade e son tamén sensibles a factores de índole social e cultural.
- Diversidade de motivacións: motivación é todo aquilo que nos impulsa a actuar para conseguir un obxectivo. As motivacións difiren duns alumnos/as a outros/as.
- Diversidade de capacidades: a capacidade pódese entender para realizar un acto físico ou mental, xa sexa innato ou alcanzable pola aprendizaxe.
- Diversidade de estilos cognitivos: o dicionario das Ciencias da Educación di que é a maneira típica e específica de organizar e procesar a información que ten unha persoa.
- Diversidade de necesidades: as necesidades varían segundo as persoas e encóntranse condicionadas positiva ou negativamente por factores diferentes, que poden ser persoais, familiares ou sociais.

Hoxe en día, é frecuente atopar alumnado en situación de risco social; de aí que a escola, dentro do posible, actúe como compensadora de desigualdades. Este tipo de alumnado pódese agrupar do seguinte xeito: nenos/as con problemas afectivos, nenos/as de minorías étnicas e relixiosas, nenos/as de zonas socialmente deprimidas e nenos/as con necesidades educativas específicas.

Para dar resposta á diversidade presente nas aulas, contamos cunha mestra de apoio que actuará dentro da aula segundo o horario establecido. Ademais, contamos co asesoramento do Departamento de Orientación (orientadora e especialistas en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica) e dos Equipos de Orientación Específicos da zona.

Neste curso escolar, vaise desenvolver o PELO para o alumnado de 6º de educación infantil (luns e mércores 6ºA e martes e xoves 6ºB). Levarase a cabo na hora de ler pola mestra especialista de audición e linguaxe.

7. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación, na etapa de Educación Infantil, concíbese como unha reflexión activa acerca da realidade educativa diaria, instrumentalizada pola observación e finalizada de cara á retroalimentación das programacións, como así contempla a xa citada *Orde do 25 de xuño de 2009*. Así pois, constitúe un proceso fundamental na tarefa educativa xa que permite un control continuo, así como a recollida de información, ao mesmo tempo que nos permite facer xuízos de valor necesarios para a orientación e a toma de decisións para o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A avaliación será global, tendo como referente o conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais, o desenvolvemento das competencias básicas previamente adecuado ao contexto socioeconómico e cultural do centro e as peculiaridades do alumnado, que constituirán o referente permanente da avaliación. Terá un carácter continuo, formando parte integrante do proceso educativo e orientada a proporcionarlle ao profesorado, de xeito permanente, a información sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado, sendo o seu referente a programación didáctica e permitindo axustar a propia intervención educativa, tendo deste xeito un carácter formativo .

O principal instrumento do proceso avaliador é a observación directa e sistemática, fixando uns criterios de avaliación axeitados ao estilo pedagóxico. Ademais, empregaranse outras técnicas como o diario de aula, a escala de valoración de comportamento e, por suposto, a observación indirecta de todos os implicados no proceso educativo.

A avaliación na educación infantil expresarase en termos cualitativos, consignéndose en cada caso as capacidades ou competencias desenvolvidas.

Desta forma, no proxecto levaranse a cabo os seguintes pasos:

- Avaliación inicial, para recadar as ideas previas do alumnado e asegurar a aprendizaxe significativa.
- Avaliación continua: ao longo da intervención educativa realizaranse continuas observacións das que se poderán deducir diferentes datos, que se rexistrarán en escalas de estimación, listas de control, diarios de clase e anecdóticos.

Todas estas medidas permiten facer os axustes oportunos na programación para acadar os obxectivos propostos.

- Avaliación sumativa: refírese á recollida e valoración dos datos ao finalizar o proxecto, para así saber a consecución dos obxectivos. Para isto, marcaranse unha serie de criterios de avaliación.

Debemos ter en conta tamén toda unha serie de documentos avaliativos que deben figurar no expediente das nenas e nenos:

- O informe de avaliación inicial.
- O informe anual de avaliación individualizado.
- O informe de avaliación final.

A *avaliación inicial* realizarase coa incorporación da nena/o á escolaridade e farase tendo en conta: os datos recollidos na entrevista individual coa familia, os informes anteriores da historia do neno ou nena facilitados por psicólogos e/ou médicos ou calquera outro informe que se considere de interese e a observación directa, feita durante as primeiras semanas de escolarización. O informe de avaliación inicial será elaborada polo centro e recollerá datos relativos tanto á saúde coma aos hábitos, ao desenvolvemento motriz, ao nivel de maduración na linguaxe e ás actitudes referidas a estes primeiros días de escolarización. Tamén se fará constar o nivel socio-económico e cultural da familia.

Os *informes anuais de avaliación individualizados* cubriráos o titor/a ao final de cada curso escolar, salientando os aspectos máis significativos do proceso de desenvolvemento e aprendizaxe de cada neno ou nena, á vista dos datos recollidos ao longo do proceso de avaliación continua, así como as medidas de reforzo e adaptación utilizadas, de ser o caso.

O *informe de avaliación final* será cuberto polo titor/a ao finalizar a etapa. Referirase ao grao de capacidades fixadas nos obxectivos, ademais das adquisicións logradas por cada neno ou nena e as medidas de reforzo ou adaptación utilizadas, se é o caso. Tanto os informes anuais como o informe final pasarán a formar parte do expediente do alumnado. Ademais, cada alumno/a terá unha ficha resumo de escolaridade na que constarán os anos de escolarización.

Neste sentido, informarase á familia con regularidade dos progresos que van realizando e das dificultades, mediante as titorías, e enviaráselles información por escrito trimestralmente. O contido e formato do informe para as familias será elaborado polo centro. Tanto os informes como as medidas de reforzo que se tomen en cada caso incorporaranse ao expediente persoal do alumnado.

No currículo actual, os obxectivos e contidos complétanse cuns criterios de avaliación. Os *criterios de avaliación* son enunciados que establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera acade o alumnado nun momento determinado.

Estes criterios, referente esencial dos procesos de avaliación, cumpren esencialmente unha función formativa, que se manifesta en dous aspectos:

- Ofrecen ao profesorado uns indicadores do desenvolvemento do alumnado, coa posibilidade de aplicar mecanismos correctores ás deficiencias advertidas.
- Constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino.

Ademais desta gran función formativa que acabamos de destacar como esencial, os criterios de avaliación cumpren outras funcións:

- Función homoxeneizadora, no sentido de que se avalían as aprendizaxes que se consideran básicas para todo o alumnado.
- Función orientadora para o profesorado, xa que constitúe un modelo para a elaboración de criterios de avaliación que se deben deseñar nos distintos niveis de concreción .
- Función sumativa, posto que son referentes ao finalizar o curso ou a etapa, para recoller información acerca do momento da aprendizaxe no que se atopa o alumnado.

Os criterios elabóranse formulándose en infinitivo e normalmente co mesmo verbo co que foi formulado o obxectivo obxecto de medición. Á hora de facilitar información ás familias, os verbos utilízanse en forma de ítem para facilitar a súa medición.

Mínimos de educación infantil

➤ Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

*Bloque 1: o corpo e a propia imaxe

- Identifica os sentidos e os seus órganos como fonte de sensacións (para o descubrimento propio e do seu contorno), sendo capaz de verbalizar as súas percepcións.
- Identifica e representa o esquema corporal completo, en diferentes posicións.
- Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo e ás diferentes demandas e consignas.
- Actúa con decisión, controla os riscos e busca estratexias para a resolución dos problemas, cooperando cos compañeiros.
- Amosa actitudes tolerantes de aceptación ás diferenzas.
- Identifica nel mesmo e nos demais diferentes estados de ánimo e emocións, regulando progresivamente os seus impulsos.

*Bloque 2: xogo e movemento

- Participa activamente en diferentes xogos, usando as destrezas motoras e habilidades manipulativas requiridas polos diferentes xogos.
- Oriéntase e localiza obxectos e lugares en diferentes espazos.
- Acepta as normas dos xogos.

*Bloque 3: actividade cotiá

- Amósase constante e remata as tarefas e actividades que empeza.
- Acepta os seus erros e procura mellorar a súa actuación.

*Bloque 4: coidado persoal e a saúde

- Ten interese por manter un aspecto limpo e aseado.
- Soluciona autonomamente as necesidades que xorden na comida.
- Desprázase de forma autónoma, advertindo os perigos e amosando actitudes prudentes ante situacións descoñecidas.

➤ **Coñecemento do contorno**

*Bloque 1: medio físico: elementos, relacións e medida

- Realiza exploracións e experimenta cos obxectos e materiais para obter informacións empregando os seus sentidos.
- Clasifica e agrupa obxectos atendendo ás posesións dalgún atributo.
- Ordena e realiza series dun conxunto de obxectos empregando algún criterio (forma, cor, tamaño...).
- Enumera diferenzas e semellanzas entre obxectos pola cor, forma, tamaño, material...
- Recoñece o criterio de ordenación nunha colección.
- Interésanlle os números e identifica os diferentes usos e funcións.
- Asocia números coas cantidades que representa.
- Coñece a serie numérica e escribe os números convencionalmente.
- Emprega os cuantificadores para resolver problemas matemáticos.
- Resolve manipulativamente pequenos problemas relacionados coa súa vida que implican operacións de cálculo sinxelas.
- Realiza cálculos mentais sinxelos.
- Emprega medidas arbitrarias de lonxitude e capacidades para resolver situacións problemáticas.
- Inicia o emprego de medidas de medicións convencionais (regras, reloxos, calendario...) en situacións significativas.
- Recoñece e representa algunha figura xeométrica.
- Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgúns obxectos ou persoas.
- Localiza e representa nun plano lugares significativos.
- Diferenza os días da semana en relación coas actividades que se fan habitualmente.
- Asocia tempo e horarios con determinadas accións (recreo, xantar, durmir...).
- Iniciouse no emprego do calendario para sinalar feitos significativos.

*Bloque 2: aproximación á natureza

- Diferenza entre ser vivo e obxecto inerte.
- Identifica e describe características físicas e funcións de animais e plantas e coñece os coidados básicos que requiren para vivir.
- Goza ao realizar actividades individuais e en grupo en contacto coa natureza e amósase prudente e evita situacións de perigo.
- Identifica normas básicas para a conservación do contorno.
- Identifica que os seres vivos seguen un ciclo vital: nacen, medran, reproducense e morren, e as necesidades para o seu desenvolvemento (alimentación, hixiene...).

*Bloque 3. cultura e vida en sociedade

- Nomea os membros da súa familia.
- Recoñece e respecta os diferentes tipos de familias.
- Adapta o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos.
- Ten capacidade para xogar chegando a acordos.
- Asume responsabilidades asinadas.
- Valora os diferentes servizos sociais e comunitarios do seu contorno.
- Iniciouse na superación de estereotipos sexistas referidos a persoas usuarias dalgún servizo comunitario e dos profesionais que alí traballan.
- Mostra interese, participa e recoñece as festas populares que se celebran no seu contorno.
- Sente curiosidade por achegarse ao coñecemento dos sucesos e persoas relevantes na historia galega, española e do mundo.

➤ **Linguaxes: comunicación e representación**

*Bloque 1: linguaxe verbal

- Utiliza a linguaxe como instrumento de comunicación, de expresión e representación de ideas e sentimentos.
- Participa en situacións de comunicación oral con iguais e persoas adultas en diferentes contextos.
- Emprega de maneira axeitada as formas socialmente establecidas para relacionarse cos demais.

- Comprende mensaxes orais diversas, manifestando unha actitude atenta e respectuosa.
- Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno.
- É quen de inventar e interpretar o que pon un texto, deducíndoo da súa finalidade e do contexto.
- Diferenza entre distintos tipos de textos (contos, libros de consulta, cómic...).
- Recoñece o seu nome e o dos compañeiros e compañeiras.
- Percibe diferenzas entre as palabras, atendendo a propiedades cuantitativas e cualitativas.
- Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita (pon significado a producións escritas).
- Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios.
- Comparte cos compañeiros e compañeiras interpretacións, sensacións e opinións trala escoita de textos literarios.
- Respecta e coida a biblioteca da aula e do centro.
- Gústalle mirar e “ler” libros autonomamente.
- Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais, rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

*Bloque 2: linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal

- Descubre as posibilidades expresivas do seu corpo e participa con interese e dun xeito orixinal.
- Comprende e emprega os xestos como forma de expresión e comunicación.
- Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais e útiles.
- Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación, por medio de esquemas acordes á súa etapa de desenvolvemento: figura humana, formas xeométricas básicas...
- Valora as producións artísticas propias e dos demais, sendo capaz de entendelas como un medio de comunicación e expresión.
- Participa en actividades musicais empregando o propio corpo e diferentes instrumentos para explorar as posibilidades do son.

- Participa en actividades de dramatización, interpretación e expresión corporal como xogos musicais, danzas, xogo simbólico...

*Bloque 3: linguaxe audiovisual

- Demostra interese e curiosidade polas actividades que empregan recursos TIC presentes no centro: encerado dixital, ordenadores, escornabot...
- Esperta conciencia progresiva acerca do manexo responsable das novas tecnoloxías.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso levaranse a cabo distintas actividades conmemorativas, recollidas na xa mencionada *Orde do 19 de maio de 2021*. Organizaranse a nivel de centro, de ciclo e por último de aula.

Como xa se comentou anteriormente, por mor da situación sanitaria que estamos a vivir, as celebracións e saídas seguirán o establecido polo noso *Plan Adaptación á situación covid-19 para o curso 2021/22 (anexo IV)* e a partires do publicado pola Consellería. Así pois, limitarase o uso dos diferentes espazos cos que contamos no centro segundo o seu aforo e tamén a participación en propostas nas que se mesture alumnado de distintas clases ou etapas.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a nosa contorna. Ademais, estas propostas poderanse adaptar e achegar á nosa escola, sempre e cando cumbran o protocolo de hixiene e seguridade. Estas actividades, propostas e celebracións de conmemoracións citaranse e incorporaranse á memoria de ciclo.

Asemade, consideramos importante destacar que os diferentes equipos (Biblioteca, EDLG, Tics...) aportarán recursos, propostas e materiais ás diversas aulas, para que así as titoras/es os acheguen aos seus alumnos/as e así se poidan abordar aspectos relacionados coas diversas conmemoracións e celebracións.

Celebraremos as seguintes conmemoracións:

- 1º trimestre:
 - Samaín.
 - 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
 - 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
 - Do 30 ao 7 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
 - 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
 - 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - Nadal.

- 2º trimestre:
 - 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
 - 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
 - Entroido.
 - 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
 - 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
 - 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
 - Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa.

- 3º trimestre:
 - 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
 - Entre o 18 e 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
 - 2 de maio do 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
 - 9 de maio de 2022: Día de Europa.
 - Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
 - 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

9. PLAN DE CONVIVENCIA

Normas básicas de convivencia

**Elaboración das normas de aula:*

A elaboración das normas de aula farase cada comezo de curso. Cada grupo co seu titor/a consensuará a formulación dunhas normas básicas, apoiándose en actividades nas que o alumnado teña un papel fundamental.

Hai que desenvolver actividades que axuden a precisar os problemas concretos e cotiás no grupo, co obxectivo de aliviar comportamentos que entorpecen o logro das metas colectivas.

É recomendable que recordemos ao alumnado as normas da aula, corredores, patio, comedor, transporte... recollidas no NOFC, adaptándonos ao seu nivel educativo e idade. No caso da nosa etapa, estas normas serán pictográficas e terémolas en todas as aulas.

Para elaborar as normas de aula, podemos seguir estas recomendacións:

- As normas deben ser poucas e claras.
- Cada norma terá unha sanción cando se incumpra.
- É conveniente que as normas sexan, na medida do posible, consensuadas.
- Adoptar un proceso para resolver os conflitos que poidan xurdir dentro da aula.

**Elaboración das normas de centro:*

É fundamental que as familias coñezan as actividades sobre normas que se realizan no centro e que se esforcen na casa para proceder de xeito semellante. A coordinación entre centro e familias faise imprescindible.

Estas normas estarán expostas nas diferentes aulas e corredores, de forma escrita e/ou pictórica para recordárllelas.

Medidas de resolución de conflitos

A actitude coa que se enfrenta unha persoa a un conflito é máis importante que a resolución mesma. Os esforzos deben ir encamiñados a buscar solucións cun talante colaborador e de flexibilidade para o cambio.

Tentaremos evitar as situacións de risco, entre outras, nas que alumnado sexa agredido polos seus iguais, nas que se ignoren ás persoas que teñen máis dificultades... Tamén haberá que ter en conta os factores externos, como as familias e o ambiente.

Avanzarase cara a participación, o compromiso e a responsabilidade, co obxectivo de lograr a autonomía individual e de grupo, atendendo á diversidade das persoas e situacións, mellorando as canles de diálogo, respecto e comunicación para solucionar calquera conflito... É preciso potenciar a mellora de convivencia a través da adquisición de habilidades sociais e de enfrontamento aos conflitos.

O centro ten unha resposta para os conflitos que se recolle no *NOFC*, no apartado de sancións ás faltas leves e ás graves. No caso de educación infantil, a resolución quedará en mans do titor/a.

Medidas preventivas e reeducadoras: PAT

O desenvolvemento do *Plan de Convivencia* considera accións para realizar dende a aula (*PAT*). A través da acción titorial levarase a cabo a posta en práctica das actuacións do Plan de Convivencia dirixidas ao alumnado.

**Plan de acollida ao alumnado estranxeiro:*

Segundo queda recollido no *Plan de Acollida do alumnado estranxeiro*, estas serían as pautas xerais de actuación:

- Preparación da acollida por parte do titor/a en canto á revisión da situación familiar, condicións culturais... Preparará ao grupo falando do novo compañeiro/a, explicando a súa orixe, nacionalidade, cultura e estimulando a acollelo/a dun xeito o máis positivo posible.
- Recepción do alumno/a por parte da dirección do centro xunto co titor/a: daranlle a benvinda e farán as presentacións. No caso de descoñecer a lingua,

convén que participe na benvinda algunha persoa do centro que coñeza a lingua e sirva de tradutor nos primeiros momentos.

- Unha vez na aula, o primeiro que se fará será presentalo aos compañeiros/as dun xeito natural e acolledor. Poderase utilizar algún xogo para aprender os nomes dos demais.
- Convén que o titor/a controle as relacións, comprobando que son as propias da idade, evitando a excesiva protección e erradicando as actitudes de rexeitamento ou menosprezo. Pódese utilizar positivamente a posición dos líderes na aula para apoiar a integración, encargándolles que lle presten a súa axuda ou que lles dean algunha explicación.
- O titor/a designará, de xeito temporal, a figura do alumnado titor. Durante os primeiros días, asignaráselle un compañeiro/a que será unha persoa ben predisposta, acolledora e comunicativa, para así sentar ao seu lado e axudarlle (chamarémoslle alumno/a titor/a). Parece aconsellable que esta figura sexa desempeñada por cada un do resto de alumnos da clase (un alumno-titor cada día).

**Actividades de aula:*

Con carácter xeral, intentarase que en cada curso escolar se realicen actividades relacionadas coa convivencia, descritas no *PAT*. Trátanse de actividades divididas por ciclos e por bloques temáticos, sen excluír outras relacionadas con estes aspectos. Serán actividades encamiñadas a fomentar a comunicación, a participación e a integración. Ademais, debe desenvolverse no alumnado unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social.

Medidas sancionadoras:

As sancións ou medidas correctoras oportunas estarán recollidas no *NOFC*. En caso de conflito serio, o titor/a intentará resolvelo. En caso de incidencia ou petición do titor/a, será o equipo directivo quen tome as medidas oportunas. Poderase utilizar o Departamento de Orientación como recurso para tentar resolver estes conflitos.

Se se decide utilizar o castigo como corrección, debemos intentar usalo coa máxima eficacia, xunto a outras estratexias educativas que ilustren en positivo o que debe facerse, intentando reconducir a súa conduta. O castigo ten como obxectivo

diminuír a frecuencia dun comportamento inadecuado, pero non é unha guía positiva sobre o que debe facerse. É importante complementalo con outras estratexias que illustren e fagan explícito o comportamento desexable. Se se decide empregalo, é importante que:

- Quen sexa castigado coñeza de antemán a vinculación entre o seu incumprimento de norma e o propio castigo (é recomendable a súa implicación inmediata tralo comportamento inadecuado).
- O castigo realmente ocasiona un sentimento de desagrado ou malestar que disuada a quen o sofre de repetir o comportamento inadecuado.
- Vaia asociado a un coñecemento claro de cales son os comportamentos axeitados.
- Teña en conta a situación persoal de cada alumno/a.
- Débense incorporar estratexias correctoras vinculadas á propia norma que non se respectou: limpar o ensuciado, ordenar o desordenado, estudar o non estudado, cooperar en tarefas colectivas, pedir desculpas...

10. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

As mestras e mestres aproveitamos os recursos e materiais multimedia dos que dispón o centro, como os ordenadores con acceso a internet nas aulas, encerados dixitais, sala de ordenadores, cámaras dixitais...

Ademais, o centro dispón de páxina web e algunhas aulas de infantil teñen un blog de aula, que se empregan para informar ás familias do que estamos a facer.

Con todos estes recursos traballamos as materias do currículo, en base ás orientacións do profesorado e pensando sempre en aproveitar as posibilidades que as novas tecnoloxías ofrecen ao ensino.

Os obxectivos xerais do desenvolvemento destes recursos son os seguintes:

- Fomentar a páxina web do centro e blogs como espazos de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.

- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e formas de vida.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, integración, cooperación e expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotiá e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- A través das asociacións de nais e pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición, por parte de nais e pais, dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

Con todos os recursos dos que dispoñemos, levamos a cabo actividades como presentación de láminas e materiais para o proxecto que esteamos a traballar, consulta de información, bits de intelixencia, xogos multimedia, rutinas, visualización de contos e cancións...

Este curso pretendemos que unha das sesións nas que o apoio estea na aula, utilizárase para actividades relacionadas coas TIC, como por exemplo a utilización da robótica ou da impresora 3D.

Realizarase tamén un seguimento de dito proxecto, co fin de detectar e resolver as dificultades e atender ás necesidades que formule o profesorado.

11. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN .

A avaliación da programación é responsabilidade de cada mestre/a que, en definitiva, é quen a elabora. Polo tanto, ten que axustala de acordo coa realidade cambiante do grupo no que se relaciona.

Para avaliar a programación, o profesorado terá en conta cando menos os seguintes aspectos:

- Adecuación dos obxectivos ás características do alumnado.
- A selección e secuenciación dos contidos.
- A organización e interrelación das actividades, de acordo co potencial motivador e a súa significatividade, en relación cos intereses e coa zona próxima de desenvolvemento de cada nena/o.

12. PLURINFANTIL DENDE O ÁMBITO DA PSICOMOTRICIDADE

Tal e como determina a *Programación Xeral Anual*, o CEIP Plurilingüe San Marcos incorporará o Programa Plurinfantil no 2º ciclo de Educación Infantil, de acordo coa *Resolución do 22 de marzo de 2021*. Isto levará consigo a impartición de ensinanzas en lingua estranxeira (inglés), que abarcarán ata o máximo dun terzo do horario lectivo dos diversos grupos de alumnado, conforme ao que se menciona no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*.

Os seus obxectivos e contidos desenvolveranse tendo presentes, nun 1º nivel de concreción curricular (*NCC*), as tres áreas do *Decreto 330/2009 do 4 de xuño*, así como integrando o establecido no *Proxecto Educativo (2º NCC)*. Do mesmo xeito, nun 3º *NCC*, todo o que se especifica ao longo do presente punto desta *Programación Didáctica* servirá como inspiración para a *Programación de aula* da persoa responsable da impartición desta iniciativa que, neste curso 2021-2022, será a titora de 5º A (Lucía Vázquez Seoane).

Dado que a súa posta en marcha abordárase dende a perspectiva da psicomotricidade, na área de *Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal* perseguiranse obxectivos como “identificar as diversas emocións suscitadas polas accións levadas a cabo co corpo”; “exercitar a motricidade grossa e fina a partir de actividades lúdicas” e “comprender e aceptar as normas inherentes aos xogos”. En relación con eles, haberá contidos conceptuais (“a emocionalidade causada polo movemento corporal: alegría e tristeza (3 anos); alegría, tristeza e medo (4 anos); alegría, tristeza, medo e sorpresa (5 anos)"); procedimentais (“manexo da

motricidade grosa e fina en situacións lúdicas”) e actitudinais (“satisfacción por interiorizar as normas dos xogos”).

Na área de *Coñecemento do contorno*, acadaranse obxectivos como “distinguir as propiedades dos obxectos empregados nas dinámicas”; “utilizar o conteo na secuenciación dos pasos das actividades” e “amosar disposición para resolver os conflitos que xurdan durante as sesións”. En referencia a eles, presentaranse contidos conceptuais (“as propiedades dos obxectos da aula: tamaños (3 anos); tamaños e cores (4 anos); tamaños, formas e cores (5 anos)”); procedimentais (“uso da contabilización para distribuír as secuencias das sesións”) e actitudinais (“gusto pola resolución pacífica dos conflitos acontecidos durante as dinámicas”).

Na área de *Linguaxes: comunicación e representación*, perseguiranse obxectivos como “expresarse oralmente en inglés durante as clases”; “empregar as melodías como medio para a dramatización corporal” e “discernir a utilidade do ordenador para achegarse á cultura musical inglesa”. Asociados a eles, outorgaranse contidos conceptuais (“a oralidade en inglés para expresar o vocabulario relativo ás sesións”), procedimentais (“dramatización co corpo das melodías usadas nas dinámicas”) e actitudinais (“gozo por botar man do ordenador como medio para identificar melodías inglesas para as sesións”).

Nos procesos de ensinanza-aprendizaxe resaltaránse os contidos transversais, como a Educación para a Saúde (de acordo co *Plan de Adaptación á situación COVID-19 no curso 2021-2022*). Deste xeito, incitarase aos nenos/as a efectuar unha adecuada hixiene de mans (tanto ao inicio como ao final das sesións) e promoverase o uso da máscara. Tamén destacarán a Educación moral e cívica (coa instauración de normas, como a recollida de materiais trala finalización das clases); a educación para o emprendemento (concedéndolle aos pequenos/as a posibilidade de que decidan os materiais que prefiren usar en determinadas dinámicas) e a Educación para a paz (proporcionando estratexias emocionais para que as interaccións entre os alumnos/as sexan satisfactorias, pese ás restricións derivadas da situación actual).

O papel das competencias básicas para o desenvolvemento das capacidades do alumnado será moi relevante. Sobresairán a competencia en comunicación lingüística (ao favorecer que os nenos/as expresen as súas ideas en inglés); a

competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico (diferenciando as propiedades dos obxectos da aula); a competencia social e cidadá (defendendo que predomine o diálogo na resolución dos conflitos); a competencia para aprender a aprender (propiciando que revisen as accións que levan a cabo, co fin de mantelas ou melloralas de cara ao futuro) e a autonomía e iniciativa persoal (facéndolles ver aos pequenos/as que a expresión das súas opinións é importante para o transcórren das sesións).

Os principios metodolóxicos perfilaranse arredor da globalización de *Decroly*, de forma que os novos coñecementos dos cativos/as se relacionen cos seus esquemas previos, no que Ausubel denominou como unha aprendizaxe significativa. Así acontecerá ao efectuar choivas de ideas sobre o vocabulario tratado. A aprendizaxe cooperativa de *Pujolàs* adaptarase ás circunstancias da pandemia, contribuíndo a xerar nos alumnos/as a conciencia de manter a aula ordenada coas súas contribucións individuais. Todo isto nun ambiente de afectividade (defendido por *Goleman* e *Vygotsky*), onde a escoita activa sexa constante e cunha pedagogía lenta, serea e sostible, na que se lle dará tempo ao alumnado para expresar as súas respostas.

A distribución espacial atenderá a principios de funcionalidade, habitabilidade, estética, seguridade e versatilidade. Empregarase unha aula específica, diferenciada da habitual para cada un dos cinco grupos. Como recurso persoal, contarase coas aportacións dunha auxiliar de conversa. Os materiais integraranse polo mobiliario (estantes, bancos...) e outros materiais didácticos (aros, cordas...), que se empregarán tanto de maneira individualizada como colectivamente, coas debidas medidas de hixiene.

A temporalización será dunha sesión semanal para cada grupo, localizada en diferentes días da semana: o luns para 5º A e 6º B; os mércores para 4º A e os venres para 5º B e 6º A. Durante ese tempo, impartiranse actividades de ensinanza-aprendizaxe individuais e grupais. A persoa que as desenvolve manterá unha constante relación co equipo docente, por medio da realización de reunións de equipo de ciclo periódicas.

A avaliación, de acordo coa *Orde do 25 de xuño de 2009*, será global, continua e formativa, efectuándose inicialmente (co discernimento dos coñecementos previos en lingua inglesa), durante os procesos (apreciando a interacción dos

nenos/as) e ao final dos mesmos. Empregaranse diferentes técnicas (como a observación directa e sistemática das interaccións), así como múltiples instrumentos (presentes no caderno da titora da persoa que imparte as iniciativas).

Os criterios de avaliación referiranse a cuestións do ensino, como á organización da aula (“aproveitar convenientemente o espazo dispoñible”); á contribución ás competencias básicas (“estruturar as competencias abordadas dende a perspectiva da globalidade”) e á adecuación da proposta pedagóxica (“organizar as tarefas de aula de forma que contén coa debida flexibilidade, así como integrando a oralidade en inglés co movemento”).

Tamén se avaliarán os procesos de aprendizaxe, en relación á distribución por áreas. Na de *Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal* haberá criterios como “empregar a psicomotricidade grosa e fina ao longo das dinámicas” e “interiorizar as normas presentes nas actividades lúdicas”. Na de *Coñecemento do contorno* estableceranse criterios como “contabilizar os pasos en que se distribúen as accións” e “resolver pacificamente os conflitos xurdidos ao longo dos diversos procesos”. Por último, na de *Linguaxes: comunicación e representación* determinaranse criterios como “empregar a lingua inglesa para expresar o vocabulario utilizado nas iniciativas” e “dramatizar corporalmente o ritmo das melodías usadas nas sesións”.

13.MEDIDAS DE ADAPTACIÓN Á COVID-19 NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

Metodoloxía na modalidade de ensino non presencial

No caso dunha ensinanza non presencial promovida pola pandemia Covid-19, o ciclo de Educación Infantil decide continuar o proceso de ensinanza-aprendizaxe a partires do emprego do blog *Supercoiadores do Planeta*, creado fai dous cursos (o ano do confinamento, o curso 2019/2020) para tal fin. Mediante este recurso compartiranse diariamente propostas de diversas temáticas (PDI, arte/música, psicomotricidade, inglés, relixión e outros proxectos de centro), abordando os diversos aspectos e contidos do noso currículo, de xeito globalizado.

Ademais, empregarase o correo electrónico de ciclo para o *feedback* ou chegada das diversas propostas e comunicacións relacionadas coas actividades e

propostas e poder realizar, así, un seguimento do alumnado. Tamén cabe destacar que as comunicacións e os intercambios de información se realizarán mediante o correo corporativo do centro de cada un das mestras/es.

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA
SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP Plurilingüe San Marcos (Abegondo)

Curso 2021/2022

CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP Plurilingüe San Marcos sitúase no Concello de Abegondo, na localidade de Abegondo. É un concello de carácter rural, sen núcleos grandes de poboación. A maioría da súa poboación realiza actividades nas áreas de industria e servizos e unha pequena parte da mesma adícase aos traballos propios do campo.

O centro consta de dous edificios unidos por un patio cuberto e un edificio destinado á Educación Infantil. O claustro consta de 30 docentes e ten un total de 304 alumnos e alumnas. Trátase dun CEIP de liña 2 con 12 unidades de Educación Primaria e 5 de educación infantil, que ten un horario de xornada de 9:45 a 16:30 e consta dos servizos complementarios de comedor e transporte escolar.

Esta programación está deseñada para o alumnado de educación infantil do CEIP Plurilingüe San Marcos para lingua estranxeira, impartida por Raquel López Pérez.

Neste curso o alumnado de educación infantil contará cunha sesión á semana para o aprendizaxe do idioma estranxeiro.

Salientar que na actualidade estase a producir unha modificación na lexislación, a cal, polo momento, non repercute nesta etapa educativa: *Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*

Segundo o artigo 4 do *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, teranse en conta os obxectivos seguintes:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Un dos principios básicos na ensinanza de linguas é a integración da lingua estranxeira desde un punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo, non só na área Linguaxes: comunicación e representación, senón a través de todas as áreas, traballando e desenvolvendo as competencias clave a través dun enfoque globalizado baseado en tarefas e proxectos e nos cales as TIC deben estar presentes.

Tendo en conta esta premisa, os obxectivo xerais marcados para este curso son os seguintes:

- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.

Este proxecto estará tamén vinculado, na medida do posible, no proxecto de centro cuxo obxectivo é traballar todo o relacionado coa Idade Media.

Os obxectivos específicos deste proxecto de centro serán:

- Motivar aos nenos e nenas para que aprendan inglés con alegría, tranquilidade e confianza en si mesmos.
- Captar o seu interese por medio dos contos, cancións, rimas, movementos, xogos e outras divertidas actividades.
- Proporcionar cos contos e actividades bos modelos de conduta e fomentar así o desenvolvemento das súas habilidades sociais e a súa intelixencia emocional.
- Habituarse os nenos e nenas aos sons e ritmos da lingua inglesa e á práctica de sons concretos.
- Animar a escoitar inglés e responder activamente ao que oen, creando así oportunidades para que falen cando se sintan preparados para facelo.
- Promover neles a seguridade e a autoestima por medio dunhas rutinas claras e motivalos a participar nos contos, cancións, xogos e outras divertidas actividades baseadas en TPR (*Total Physical Response*).
- Fomentar o desenvolvemento cognitivo, creativo, físico e emocional dos nenos, así como as actitudes positivas cara a eles mesmos e os demais.
- Darlles oportunidades para que aprendan sobre o mundo que os rodea.

CONTIDOS

Bloque 1. Linguaxe verbal

Escoitar, falar e conversar:

- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas, saúdos, despedidas, en lingua estranxeira....

- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.

Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.

- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Uso das distintas técnicas debuxo, pintura, collaxe, amasado, modelado, ... como recursos e medios de expresión e comunicación..
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e mais o intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal mimo, monicreques, teatro de sombras... colaborando na elaboración dous elementos necesarios para unha ambientación axeitada..

Bloque 3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación

- Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Elaboraranse actividades de reforzo e ampliación segundo estas necesidades sexan detectadas.

Segundo o *Decreto 229/2011, de 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación* teranse en conta as seguintes medidas de atención á diversidade adaptadas ás necesidades específicas de apoio educativo presentes na aula.

Medidas ordinarias	Medidas extraordinarias
Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamento, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	Adaptacións curriculares
Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	
Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión	
Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación	
Aulas de atención educativa e convivencia e medidas de actuación destinadas á mellora da convivencia	
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	
Programas de recuperación	

Ademais terase en conta os protocolos relacionados coas necesidades específicas de apoio educativo <https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764> e os relativos a educonvives <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>.

AVALIACIÓN

A avaliación realizarase, principalmente, mediante a observación directa e diaria do alumnado.

Criterios de avaliación

Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación. Preténdese avaliar a súa participación en producións orais sinxelas relativas a situacións e temas do seu interese: xogos, cancións, rimas, dramatizacións previamente traballadas e contextualizadas

Os nenos deberían:

- ✓ empezar a recoñecer palabras traballadas.
- ✓ escoitar atentamente o conto e responder de xeito non verbal cando se lles pida
- ✓ usar as accións apropiadas para acompañar unha canción.
- ✓ comezar a seguir instrucións debidamente.
- ✓ participar en xogos.
- ✓ respectar as normas de clase.

CRITERIOS METODOLÓXICOS

-Linguaxe receptiva fronte a produtivo

Igual que sucede coa aprendizaxe da lingua materna, aos nenos hai que expoñelos á segunda lingua de forma receptiva antes de pedilos que produzan palabras o frases. Os pequenos escoitan inglés en forma de contos, cancións e *chants* e traballan principalmente no recoñecemento do vocabulario de forma receptiva; animállos/llelos a facer a mímica que acompaña os contos e as cancións, pero só repiten as palabras se eles queren.

-Introdución á lingua inglesa

Ao longo dos tres cursos dáse un desenvolvemento paulatino en termos da cantidade de vocabulario novo presentado en cada nivel: números e cores , palabras relacionadas con seu mundo.

-O inglés na aula

Os nenos aprenden máis e séntense máis motivados se na clase oen inglés todo o posible. Os materiais proporcionan moito apoio visual para facilitarlles a comprensión: os contos e as cancións levan ilustracións que aclaran os significados e os contextos. A linguaxe da aula e as instrucións de clase van aumentando gradualmente ao longo do curso para que os nenos se afagan pouco a pouco.

-Rutinas

Os nenos pequenos gañan confianza e traballan mellor dentro dunhas pautas invariables, por iso se poñe énfase en que sigan unhas rutinas claras ao longo do curso escolar. Por exemplo, as cancións de saúdo e despedida marcan o principio e o final de cada clase, e a marioneta do personaxe axúdaos a ser máis participativos nestas rutinas. A outra rutina principal é a *Transition chant*, que garante o control da clase ao pasar de *Circle time* a

Table *time*. Tamén hai rutinas opcionais con *chants* para pasar a outra fase nova da lección como *Story time*. Os nenos non teñen que cantar o dicir estes *chants*, pero seguramente farano de xeito natural cando se afagan a eles.

-Intelixencia emocional

O profesor tamén pode impulsar o desenvolvemento emocional dos nenos cada día facendo o seguinte:

- Tratar cada neno como unha persoa individual.
- Asegurarse de que todos se sintan valorados, escoitados e que os seus sentimentos contan.
- Establecer unhas rutinas de clase claras para que os nenos coñezan os límites. Eloxialos e darlles apoio.

-O ensino baseado en contos e as súas vantaxes

O proxecto está baseado en contos. Hai moitas boas razóns para facer isto nun curso de infantil:

- Os nenos escoitan contos na casa e no colexio - son parte do seu mundo.
- Os contos conteñen situacións recoñecibles, o que permite que os nenos poidan predicir o que vai pasar.
- Os contos desenvolven a concentración e a habilidade de escoitar activamente.
- Estimulan o desenvolvemento lingüístico, imaxinativo e emocional.
- Axudan aos nenos a entender mellor o mundo e a outras persoas.
- Axudan aos nenos a sentirse seguros e desenvolven a súa autoestima a través da participación.

-O ensino baseado en cancións

A música e as cancións son unha forma entretida de aprender inglés e fan que sexa máis doado recordar o aprendido. Os nenos asimilan o vocabulario e as estruturas gramaticais novas moi eficazmente se cantan cancións en clase. Por iso en todas as unidades hai unha canción de vocabulario e outra sobre un número o unha cor. Tamén as hai para introducir diversas rutinas, como as cancións *Hello* e *Bye-bye*, o *Transition chant*, o *Story time chant*, etc. Todas elas se acompañan de accións e mímica para facilitar a comprensión aos nenos e darlles a oportunidade de moverse. En cada unidade hai unha canción de vocabulario, unha canción sobre o conto (que é un resumo do conto e da súa mensaxe), e

unha canción conceptual. Tamén hai unha canción sobre un número o unha cor en cada unidade así como cancións sobre as rutinas.

-A xestión da clase.

Tratándose de alumnos pequenos é importante ser flexible nas clases.

Os nenos pequenos teñen períodos de atención relativamente curtos; por esta razón, se os queres manter tranquilos e atentos, as actividades deben ser breves e variadas:

MATERIAIS

CD and book: English is fun when it is sung entre outros.

Web: English for little children. Super simple songs, entre outros

Books e fichas: relacionados coas unidades.

Flashcards

Dixitais: Cancións e contos de Youtube e outras plataformas, xogos con Genially, Tyny taps, Wordwall entre outros.

Puppet

Mystery box

Todos estes materiais mencionados serán manipulados tendo en conta as medidas para a COVID.

ORGANIZACIÓN DAS UNIDADES

As unidades conteñen o vocabulario e os conceptos preséntanse por medio de cancións e contos e practícanse en xogos moi variados.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
RELIXIÓN CATÓLICA

Educación Infantil

CURSO 2021-2022

CEIP PLURILINGÜE SAN MARCOS (ABEGONDO)

ÍNDICE

1. Introducción
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais
3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel
5. Concrecións metodolóxicas
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar
7. Criterios sobre a avaliación e a cualificación
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados
11. Medidas de atención á diversidade
12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda
13. Actividades complementarias programadas
14. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA

Curso 2021-2022

1. INTRODUCCIÓN

A programación didáctica que se presenta a continuación comprende o curso escolar 2021-2022. A través deste documento contéplase a actuación da mestra de Relixión Católica como membro do claustro do CEIP Plurilingüe San Marcos (Abegondo). Así, dita programación constitúe unha síntese da mensaxe cristiá, adecuada á idade do alumnado e ás necesidades deste, xunto coas demandas didácticas do sistema educativo tendo en conta os distintos plans e programas do centro e a lexislación vixente.

Na actualidade atopámonos nun proceso de cambio a nivel lexislativo, polo que é preciso nomear, por unha banda, o currículo da área de Relixión Católica desenvolto pola *Orde ECI/1957/2007, de 6 de xuño, pola que se establecen os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes á educación infantil, a educación primaria e a educacións secundaria obrigatoria* xunto co *Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e, por outra banda, a *Lei orgánica 2/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*.

Os puntos a desenvolver dítanse na *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22*.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Educación Infantil

RELIXIÓN CATÓLICA			
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CC
-Descubrir e coñecer o propio corpo, regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais. 2. Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus ofrécenos para conservar a saúde: a cercanía das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Saber observar os referentes relixiosos da súa contorna. 2. Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu vocabulario. 3. Respectar os signos e símbolos relixiosos da súa contorna. 4. Familiarizarse coa súa primeira síntese de fe. 	CCL CAA CSC
-Observar as manifestacións do entorno familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence.	<ol style="list-style-type: none"> 3. A creación, obra de Deus e regalo ós seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola creación. 	<ol style="list-style-type: none"> 5. Adquirir o gusto polo bo obrar. 6. Apreciar os valores cristiás que facilitan a convivencia. 	CCL CAA CSC
-Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiás que permitan ó neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.	<ol style="list-style-type: none"> 4. Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, a sal e o aceite. 		CCL CD CAA CSC CEC

<p>-Expresar e celebrar as tradicións, festas, e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, os cantos de alabanza e o sentido das festas relixiosas.</p>	<p>5. Deus o noso Pai, cóídanos e invítanos a servir ós demais.</p> <p>6. Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.</p>		
<p>-Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.</p>	<p>7. Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María</p>		<p>CCL CAA CSC</p>
<p>-Descubrir que os cristiáns chaman Pai á Deus Creador de todas as cousas, e saben que está con todos nós, quérenos e perdoa sempre.</p>	<p>8. Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e o noso amigo, A Virxe María nai de Deus e nai nosa, a Igrexa.</p>		<p>CCL CAA CSC CEC</p>
<p>-Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e quérenos, morreu por nós e resucitou para estar con nós.</p>	<p>9. O amor de Xesucristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.</p> <p>10. Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas</p>		<p>CCL CAA CSC</p>

	<p>pasaxes do evanxelio.</p> <p>11.O diálogo con Deus: a oración do cristiá. O home con Deus para escoitalle, pedirle axuda e darlle gracias.</p>		
<p>-Descubrir que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén Nai de todos os cristiáns, que forman unha gran familia.</p>	<p>12.Deus quere que nos amemos coma El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.</p> <p>13.A manifestación do amor cristiá en xestos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar ós compañeiros.</p> <p>14.A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer á unha familia.</p>		<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CEC</p>
<p>-Respectar ás persoas e cousas da súa contorna, coidalas e preocuparse por elas, como Xesús fixo e ensínanos a facer.</p>	<p>15.O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do entorno.</p> <p>16.Valor do domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiáns. O canto como expresión</p>		<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CEC</p>

	<p>relixiosa de alabanza, alegría e gratitude.</p> <p>17.Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos cercanos ó neno.</p>		
--	--	--	--

3. CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

A educación infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferencias.
- b. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d. Desenvolver ás súas capacidades afectivas.
- e. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e acercarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h. Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i. Achegarse, na medida das súas posibilidades, ó uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Tal e como se recolle no *Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*:

- Ó inicio do curso académico os pais/nais ou tutores/as das alumnas e dos alumnos manifestarán a súa vontade de que as súas fillas ou fillos reciban ou non ensinanzas de relixión.

- As ensinanzas de relixión respectarán os dereitos de todo o alumnado e das súas familias.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

Neste apartado recóllese a concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable tendo en conta a temporalización, o grao mínimo para superar a área e os instrumentos e procedementos de avaliación.

Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T	T	T	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
		1	2	3	
1. O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais.	Coñece a creación.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.
2. Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus ofrécenos para conservar a saúde: a cercanía das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza.		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.
3. A creación, obra de Deus e regalo ós seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola creación.	Di coas súas palabras que Deus é o Creador.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.
4.Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, a sal e o aceite.	Recoñece algúns símbolos cristiáns.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.
5.Deus o noso Pai, cóidanos e invítanos a servir ós demais.	Recoñece a Deus como o noso Pai.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.

6. Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coitado do libro que contén a palabra de Deus.	Recoñece a Biblia como libro da palabra de Deus.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.
7. Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María	Recoñece a Biblia como libro da palabra de Deus.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.
8. Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e o noso amigo, A Virxe María nai de Deus e nai nosa, a Igrexa.	Recoñece palabras con sentido relixioso.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.
9. O amor de Xesucristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.	Coñece momentos da vida de Xesús.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.
10. Xesús coída das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do evanxelio.	Recoñece a Xesús como amigo.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.
11. O diálogo con Deus: a oración do cristiá. O home con Deus para escoitalle, pedirlle axuda e darlle grazas.	Iníciase na oración.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.

<p>12. Deus quere que nos amemos coma El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.</p>	<p>Recoñece a Deus como amigo.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.</p>
<p>13. A manifestación do amor cristiá en xestos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar ós compañeiros.</p>	<p>Recoñece xestos con carácter relixioso.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.</p>
<p>14. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer á unha familia.</p>	<p>Relaciona as características da Igrexa coas da súa familia.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.</p>
<p>15. O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do entorno.</p>	<p>Identifica boas condutas cos demais</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.</p>

<p>16. Valor do domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiáns. O canto como expresión relixiosa de alabanza, alegría e gratitude.</p>	<p>Valora o domingo como día especial</p>			<p>X</p> <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.</p>
<p>17. Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos cercanos ó noso.</p>	<p>Recoñece imaxes relixiosas importantes.</p>			<p>X</p> <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Fichas.</p>

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A área de Relixión Católica, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia ao alumnado no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural. A metodoloxía proposta será a seguinte:

- a. Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- b. Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumnado, que favorecen a súa comprensión.
- c. Exercicios e actividades adaptadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, tarefas integradas, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. Facilitan a adquisición de competencias a todo o alumnado.
- d. Corrección de fichas individualmente e colectivamente.
- e. Revisión de fichas.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

Empregarase o material segundo a actividade a desenvolver, podendo adaptar este ás características do alumnado da aula.

- Material manipulativo: coloreado, recortado, pegado.
- Fichas.
- Recursos dixitais: vídeos, cancións.
- Biblia escolar.
- Material de elaboración persoal, xogos.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto de áreas, a cal inclúe a de Relixión Católica. Os criterios na educación infantil pretenden ser para o profesorado de relixión indicadores na avaliación continua e observación dos nenos para poder reconducir o seu propio aprendizaxe. Coñecer ó neno/a e axudarlle no seu crecemento é un

criterio esencial. Calquera avaliación nesta etapa deberá realizar de xeito global

No primeiro trimestre, a principio do curso, realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais, nais e/ou titores/as legais das cualificacións obtidas.

A avaliación dos contidos da área recolleranse por medio de procedementos e instrumentos de avaliación citados anteriormente. Os distintos contidos repartiranse en unidades didácticas en cada un dos trimestres. Ao finalizar o trimestre teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

Ítems	Porcentaxe %
Fichas e material manipulativo	55%
Participación	30%
Actitude e comportamento	15%

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Ítems	INDICADORES DE LOGRO	0	1	2	3	4
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento dos contidos.					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinariade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado					
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento do alumnado.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os mestres e mestras.					
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.					

alumnos e ás familias	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: • Ó alumnado • Ás familias					
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.					
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.					
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.					
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.					

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO

Na actualidade non hai alumnado co área de Relixión Católica non superada ou non acadada. Á hora de realizar o seguimento do alumnado, empregárase a observación, actividades manipulativas, xunto coa recollida de datos por medio do caderno da mestra e rúbricas específicas para os contidos desenvolto.

No caso de que algún alumno e/ou alumna non supere a materia levarase a cabo unha proba de recuperación que incluíra os mínimos recollidos en apartados anteriores, facilitando a recuperación por parte do alumnado.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao longo dos primeiros días do curso realizaranse actividades orais, individuais e grupais, que permitan valorar o nivel xeral que presenta o alumnado nesta área. Servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo recollido na presente programación.

En relación ás medidas a desenvolver como consecuencia dos resultados, cando estes non sexan os esperados farase fincapé no reforzo ó alumnado que o require, achegando materiais para favorecer a interiorización e posterior

exposición de contidos. Ademais disto, terase en conta as medidas de atención á diversidade recollidas no seguinte punto.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo o *Decreto 229/2011, de 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación* teranse en conta as seguintes medidas de atención á diversidade adaptadas ás necesidades específicas de apoio educativo presentes na aula e tendo en conta a área a desenvolver e a etapa educativa.

Medidas ordinarias	Medidas extraordinarias
Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamento, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	Adaptacións curriculares
Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	
Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión	
Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación	
Aulas de atención educativa e convivencia e medidas de actuación destinadas á mellora da convivencia	
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade	

horaria
Programas de recuperación

Ademais terase en conta os protocolos relacionados coas necesidades específicas de apoio educativo <https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764> e os relativos a educonvives <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

A área de Relixión Católica forma de maneira transversal, nunha serie de procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristiá. Aínda que as competencias están relacionada sobre todo coa etapa de educación primaria, en infantil farase un achegamento ás mesas tal e como se recolle na lexislación.

ELEMENTOS	COMO SE TRABALLA
Comprensión lectora	<ul style="list-style-type: none"> • Inicio na lectura e comprensión oral de pequenos textos relixiosos
Expresión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición oral e plástica dos feitos relixiosos traballados • Expresión oral e plástica das aprendizaxes
Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Proxección de diferentes vídeos • Interpretación e identificación de imaxes e símbolos relixiosos.
Tecnoloxías da Información e a Comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades TIC: actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe • Recursos interactivos segundo temática • Ligazóns de internet
Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> • Utilización de estratexias para realizar actividades de forma individual e/ou en grupo • Manifestación de autonomía na planificación e execución de accións e tarefas

Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolvemento de actitudes e comportamentos cívicos e responsables na súa contorna e nas súas actividades cotiás • Cumprimento das normas da aula • Respecto das quendas de intervencións dos demais • Comprensión e respecto á importancia do traballo en grupo e a colaboración • Respecto e valoración das experiencias e das achegas do resto dos compañeiros e compañeiras • Defensa dos dereitos e os deberes de cada membro da sociedade e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia e transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando xuízos e opinións alleos • Mostrar respecto e tolerancia coas persoas que nos rodean, coa diversidade de culturas e formas de vida
-----------------------------------	---

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS

En relación ás actividades complementarias, terase en conta o Protocolo COVID e o desenvolvemento do curso en relación á este. Así levaranse a cabo saídas e traballos de campo empregando os espazos naturais e culturais arredor do centro educativo. Do mesmo xeito e aproveitando o Ano Santo tentarase realizar unha visita á espazos relacionados co mesmo, de non ser posible levarase a cabo por vía telemática e/ou dixital.

Participarase e colaborarase, dende esta área, nas actividades complementarias programadas para outras materias, xunto con aquelas indicadas para os días de conmemoración recollidos na *Orde de 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Atendendo ó seguimento do alumnado e do seu desenvolvemento a nivel persoal e en relación a propia área curricular, farase unha avaliación final tanto da programación como da propia función docente favorecendo a modificación

da programación, de ser preciso, para o vindeiro curso escolar. Sinalar así que se trata dun documento flexible e revisable en función das distintas variables. Terase en conta a finalización das unidades e bloques de contidos, os trimestres e de xeito anual o final do curso. Os criterios as seguir serán:

- Seguimento da temporalización das unidades e bloques para o curso actual.
- Consecución dos contidos mínimos por parte do alumnado.
- Dificultades observadas.
- Desenvolvemento de competencias.
- Resultados das probas obxectivas.